

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA



→ LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

CURSO: 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

ANO ACADÉMICO: 2020/2021

CENTRO: CEIP DE AGOLADA

INDICE

| | Páxina |
|--|--------|
| 1.- INTRODUCCIÓN | 3 |
| 2.- OBXECTIVOS | 3 |
| 3.- CONTIDOS | 7 |
| 4.- CRITERIOS E AVALIACIÓN | 8 |
| 5.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN..... | 10 |
| 6.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN | 11 |
| 7.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA..... | 11 |
| 8.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE..... | 13 |
| 9.- RECURSOS DIDÁCTICOS..... | 14 |
| 10.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN..... | 14 |

1. INTRODUCCIÓN

É importante sinalar que a introdución da lingua estranxeira no segundo ciclo de Educación Infantil optimiza a calidade do centro.

A introdución do inglés en estas idades é favorable por varias razóns. En primeiro lugar, a Lingua Inglesa é a lingua oficial que as persoas utilizan para comunicarse. É por iso que a sociedade impón o estudo desta lingua e non outra. Isto podémolo observar por exemplo nos debuxos animados, personaxes infantís que son próximos ao neno; nos comercios cando se dirixen ás hamburgueserías a comer cos seus pais. A maioría do que lle rodea ao neno vén dirixido por ideas nos que o idioma deses países pertence a fala inglesa. Outra das razóns polas que se estuda Inglés é porque os nenos/ ás a estas idades adquiren mellor unha segunda lingua, tal vez porque teñan óptimas actitudes e non son tan consciente do estudo desta senón que a adquiren inconscientemente de forma lúdica.

É de importancia comentar que a experiencia con outra nova lingua a esta idade axudaralles a entender mellor outras culturas e a achegarse a diferentes realidades.

Así mesmo, introducir un código diferente a través de xogos e actividades motivadoras serviralle de estímulo para desenvolver estratexias de aprendizaxe que van ser moi beneficiosas para o seu desenvolvemento cognitivo.

2. OBXECTIVOS

Os obxectivos da Lingua Inglesa en Educación Infantil son os seguintes:

1. Comprender a mensaxe dalgúns textos orais da lingua inglesa (rimas, cancións, contos, descrições, relatos, instrucións, encargos...) accesibles e significativos para o alumnado destas idades, que estean relacionados coas súas ideas, experiencias, intereses..., apreciando o valor cultural destes.

2. Combinar recursos expresivos verbais e non verbais (senalizacións, indicacións, xestos, miradas, mímica...) para interpretar mensaxes con diferentes intencións comunicativas (que xurdan dentro da aula ou ben que poidan porvir dalgúns medios de comunicación social).

3. Tomar parte activamente en interaccións lingüísticas habituais (reacción ou resposta a mensaxes recibidas) que poden xurdir na dinámica da clase de Lingua Estranxeira, respectando as normas que a rexen (pronunciación, entoación, ritmo...) ou algunhas convencións sociais de comunicación (xestos, asentimiento...).

4. Mostrar interese e curiosidade pola lingua estranxeira desenvolvendo actitudes positivas cara aos seus diferentes usos lingüísticos.

5. Recoñecer a diversidade lingüística e darse conta de que as linguas e os seus diferentes usos están encamiñados a satisfacer a necesidade de comunicación entre as persoas.

Partindo dun enfoque globalizado non so trataremos de acadar obxectivos pertencentes á área de linguaxes senón a todo o resto de áreas da etapa de Educación Infantil e tamén á contribución do desenvolvemento das competencias básicas. Máis concretamente os obxectivos que nos plantexamos son:

- Utilizar o saúdo no momento adecuado.

- Utilizar os termos de cortesía de maneira adecuada.

- Identificar o vocabulario presentado referente aos animais da granxa e do zoo, os xoguetes e instrumentos musicais, os hospitais, as vacacións, o Entroido, a escola, a informática, os medios de transporte, os alimentos, o Nadal, as pezas de roupa, as partes do corpo, o cuarto de baño e a hixiene

persoal, a seguridade viaria e os membros da familia.

- Demostrar a comprensión das ordes e representalas.
- Memorizar e saber interpretar unha canción.
- Gozar escoitando a lectura dun conto.
- Apreciar a importancia de axudar a manter a clase limpa e ordenada.
- Responder correctamente as preguntas *What's your name?*, *Where's the ...?*, *Who's got the ...?* e *What colour is ...?*, *What this?*, *Who?*, *Where?*, *What?* e *How many ...?*.
- Participar de maneira dinámica e responsable nas actividades de grupo.
- Valorar a importancia de axudar a manter a casa e as pertenzas persoais limpas e ordenadas.
- Valorar a importancia do respecto a todos os membros da familia.
- Apreciar a importancia de vestirse de maneira adecuada e acorde á condición meteorolóxica.
- Mostrar respecto e tolerancia pola maneira en que outras persoas celebran as festas do Nadal.
- Valorar a importancia de coidar adecuadamente os animais domésticos e os animais que están en cativeiro.
- Recoñecer a importancia de axudar a protexer o ambiente.
- Contar e identificar grupos desde dous ata dez obxectos correctamente.
- Recoñecer a importancia de non comprar demasiados xoguetes e de compartir as pertenzas con outros.
- Expresar sentimentos de maneira adecuada.
- Recoñecer a importancia de manterse en bo estado de saúde.
- Gozar expresándose en lingua inglesa.

- Aprender a importancia de axudar a manter a clase e a cidade limpas e ordenadas.
- Aprender a importancia de seguir as normas de seguridade viaria establecidas.
- Responder correctamente a preguntas sinxelas empregando *Yes* ou *No*.
- Expresar as preferencias persoais empregando *I like*.
- Valorar a importancia de pasar o tempo libre e xogar coa familia e os amigos.
- Aprender a importancia de comer san.
- Valorar a importancia de formar parte de actividades divertidas coa familia e os amigos.
- Aprender a importancia dunha boa hixiene persoal.
- Identificar, nomear, saber como se moven os animais presentados.
- Identificar diferentes formas e tamaños.
- Apreciar a importancia de coidar as nosas mascotas manténdoas limpas e ben alimentadas.
- Aprender a importancia do deporte nunha vida sa.
- Identificar e nomear as cores presentadas.
- Identificar as preposicións de lugar *on* e *under*.
- Expresar preferencias persoais con *I like* e *I don't like*.
- Identificar os obxectos de cor vermella, azul, verde, amarela, laranxa, morada, gris e rosa.
- Expresar o talle correctamente.
- Dicir correctamente se teñen fame ou sede.
- Identificar as partes da cabeza e para que as usamos.

3. CONTIDOS

Os contidos levados a cabo na Educación Infantil deben asumir como base e punto de partida para o seu desenvolvemento unha dinámica de traballo que facilite o tratamento globalizado dos distintos tipos de contidos (conceptos, procedementos e actitudes) e dos tres ámbitos de experiencia considerados no Deseño Curricular Base para esta etapa educativa: Identidade e autonomía persoal, medio social e físico e Comunicación e representación.

Polo tanto, nas sesións de Lingua Inglesa trabállase cun enfoque que combine os contidos e os ámbitos mediante actividades significativas para o alumnado desta etapa.

Os contidos que se traballan cos alumnos destas idades son próximos ao neno, é dicir encóntranse nos seus ámbitos, xa que desta forma se adquiren con certa relevancia. Estes irán apoiados con imaxes visuais co fin de que o adquieran de forma significativa e queden inmersos nas súas memorias.

Os contidos que se propoñen na lingua Inglesa deben ser traballados previamente polos demais titores co obxecto de que os devanditos contidos queden asimilados na súa lingua materna e estes novos (inglés) fagan no neno un aprendizaxe significativa.

As actividades serán variadas, motivadoras e sobre todo lúdicas.

Os contidos fórmulanse en diferentes secuencias didácticas organizadas en unidades, desenvolvéndose cada unha destas ao redor dun centro de interese. Cada unidade contén de 4 a 5 sesións e cada sesión mantén unha estrutura estable co fin de que o alumnado teña referencias concretas. As referencias son fundamentais posto que son os aspectos que lles van dar seguridade. Neste caso áchanse ante unha lingua e un profesorado novos, polo que manter a mesma estrutura das sesións axudaralles a situarse. Esta estrutura debe aplicarse de forma flexible e moldearse ou adaptarse á situación concreta da aula: tipo de alumnado, momento do curso, experiencia adquirida, estilos no proceso de ensino- aprendizaxe, etc., é dicir, cada persoa especialista xunto co

equipo docente da etapa, deberá decidir como e cando levar a cabo as secuencias didácticas que se propoñen.

Cada sesión consta das seguintes fases:

1ª fase: Saúdos

2ª fase: Revisión de cancións e rimas

3ª fase: Revisión dalgún contido

4ª fase: Introducción do novo contido

6ª fase: Novas cancións ou rimas

7ª fase: Traballar sobre o novo contido

8ª fase: Despedida.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Nesta etapa a avaliación é continua e global, sendo a observación directa e sistemática a técnica principal para a recollida de información no proceso de avaliación.

A continuación citaremos os criterios de avaliación establecidos para esta etapa.

- Entender de forma global as mensaxes que son curtas e sinxelas.
- Comprender e facer uso (cortas) e non lingüísticas (xestos, mímicas).
- Participar en interaccións lingüísticas nas que se establezan comunicación, como en xogos, cancións, rimas...
- Mostrar interese pola Lingua Inglesa expresando producións curtas como hello!, bye-bye!..
- Mostrar unha actitude positiva ante unha lingua e cultura diferente á deles.

Os criterios de avaliación máis detallados, en relación coa consecución dos obxectivos e das competencias básicas establecidos nesta programación son os seguintes:

- Utiliza o saúdo no momento adecuado.
- Emprega termos de cortesía cando é necesario.

- Recoñece e identifica o vocabulario presentado referente aos animais da granxa e do zoo, os xoguetes e instrumentos musicais, os hospitais, as vacacións, o entroidos, a escola, a informática, os medios de transporte, os alimentos, o Nadal, as pezas de roupa, as partes do corpo, o cuarto de baño e hixiene persoal, a seguridade viaria e os membros da familia.
- Memoriza e interpreta cancións.
- Goza escoitando a lectura dun conto.
- Recoñece a importancia de axudar a manter a clase limpa e ordenada
- Responde correctamente as preguntas *What's your name?*, *Where's the ...?*, *Who's got the ...?* e *What colour is ...?*, *What this?*, *Who?*, *Where?*, *What?* e *How many ...?*
- Participa de maneira activa e responsable nas actividades de grupo.
- Valora a importancia de axudar a manter a casa e as pertenzas persoais limpas e ordenadas.
- É consciente da importancia de respectar a todos os membros da familia.
- Aprecia a importancia de vestirse de maneira adecuada e acorde á condición meteorolóxica.
- Mostra respecto e tolerancia pola maneira en que outras persoas celebran as festas do nadal.
- É consciente da importancia de coidar os animais domésticos e os animais que están en cativeiro.
- Recoñece a importancia de axudar a protexer o ambiente.
- Conta e identifica grupos desde dous ata dez obxectos correctamente.
- Decátase da importancia de non comprar demasiados xoguetes e sabe compartir as súas pertenzas con outros.
- Expresa sentimentos de maneira adecuada.

- Recoñece a importancia de manterse en bo estado de saúde.
- Goza expresándose en lingua inglesa.
- Conta ata sete correctamente.
- Aprende a importancia de axudar a manter a cidade limpa e ordenada.
- Aprende a importancia de seguir as normas de seguridade viaria establecidas.
- Responde correctamente as preguntas sinxelas utilizando *Yes* e *No*.
- Expressa as preferencias persoais utilizando *I like*.
- Recoñece a importancia de comer san.
- Decátase da importancia dunha boa hixiene persoal.
- Identifica, nomea e sabe como se moven os animais presentados.
- Identifica diferentes formas e tamaños.
- Valora a importancia de pasar o tempo libre coa familia e os amigos.
- Identifica e nomea as cores presentadas.
- Identifica as preposicións de lugar *on* e *under*.
- Expressa as preferencias persoais usando *I like* e *I don't like*.
- Identifica os obxectos de cor morada, gris, rosa.
- Expressa o talle correctamente.
- Di correctamente se ten fame ou sede.
- Identifica e nomea as partes da cabeza e para que as usamos.

5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Considéranse tres Momentos de Avaliación:

Ao comezo do proceso, para diagnosticar a situación de partida, o que o alumno sabe, o que ignora e o que sabe mal. Esta avaliación permítenos

anticipar problemas e rectificar o plan de intervención didáctica. Esta avaliación levarase a cabo con alumnos de 4 e 5 anos.

O proceso, a avaliación formativa axúdanos a tomar decisións sobre os aspectos nos que hai que insistir como eliminación ou reforzo de contidos.

Ao rematar o proceso, a avaliación será sumativa permitindo comprobar se se alcanzaron os obxectivos propostos.

6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- A observación: é un proceso de atención sostida e voluntaria que se realizará mediante:
 - Listas de control.
 - Rexistros anecdóticos.
 - Escalas de observación.
 - Diario de clase.
- Análise de tarefas mediante:
 - Análise do caderno/fichas de clase do alumno.
 - Análise de textos escritos e pequenas investigacións e traballos.
 - Xogos de simulación e dramáticos.

7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Como xa sabemos o enfoque da Lingua Inglesa debe ser comunicativo. Por iso, debemos conseguir que o alumnado alcance esa competencia comunicativa na lingua estranxeira, a cal será traballada dende a habilidade receptiva (listening) con contos rimas e cancións ata a habilidade produtiva (speaking) realizando curtas producións como dicir cores, números... e participando en xogos e diálogos curtos. Non obstante a comprensión de informacións non presupón a produción inmediata da mesma. Ao mesmo tempo non se forzará a produción oral máis alá do que a

competencia comunicativa dos alumnos /ás permitan. Ambas as dúas destrezas son moi importantes nestes primeiros momentos e acompañaranse de tarefas que demanden respostas non verbais tales como sinalar, asociar, debuxar ou responder fisicamente.

Na nosa metodoloxía tamén se debe ter en conta un enfoque globalizador xa que se establecen relacións entre diferentes aprendizaxes e áreas curriculares.

Para ensinar unha nova lingua a estas idades, é fundamental presentar a unha mascota que traballará connosco. Esta será o seu amigo e nos axudará a introducir conceptos, procedementos e actitudes de forma que lle resulten significativos e comprensibles, próximos aos seus intereses, aplicables a un amplo número de situacións e tendo apoio contextuais como tarxetas, obxectos reais, fotos suficiente para facilitar a súa comprensión. Debemos animar os nenos/ás a participar, xa que esta é considerada a mellor e divertida forma de aprender.

Usarase a actividade de Total Physical Responses (Actividades de resposta física), xa que lle permite ao neno entender moito mellor a mensaxe que queremos transmitir. Estas técnicas reflicten o modo en que os nenos e nenas adquiren a súa lingua materna. Consisten en dar instrucións orais que os estudantes deben interpretar e responder ás mesmas mediante movemento físico unindo, deste modo, a linguaxe coas accións.

Empregaremos un vocabulario de aula (classroom language) de forma repetitiva. As mensaxes serán curtas e sinxelas. Así, captarán a información e aprenderán o idioma sen esforzo ningún chegando a establecer a comunicación que é o máis importante.

O profesor, que é o que entra na aula, sempre utilizará o idioma do Inglés como vehículo de comunicación entre os alumnos, a non ser que algún alumno non entenda algo e recorra a xestos, mímica, realia (obxectos reais) ou movementos evitando así a tradución.

Dentro desta variedade metodolóxica, destacamos que o tipo de actividades que se propoñen son as habituais dentro da etapa de Educación

Infantil. A lingua inglesa utilízase como instrumento para levar adiante unha proposta educativa coherente coas directrices marcadas polo Deseño Curricular Base.

- Xogos: Xogos de memoria, tira a pelota e dí...;
- Actividades: escoita e repite, escoita e sinala, pensa e dí, adiviña, mira e imita a acción, escoita e imita o son, colorea, recorta, repite...
- Cancións: Ola, adeus, números, cores, familia, xoguetes, xoguetes ruidosos, o tempo, a roupa, Nadal, etc.
- Contos, rimas e uso de marionetas.
- Xogos coa linguaxe
- Simulacións e “role-plays”

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade oscilan nun continuo que abarca desde a prevención á intervención directa específica. Non van ligadas de forma permanente a colectivos de alumnos/as concretos, xa que calquera alumno/a pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de distintos tipos de medidas.

Por regra xeral as medidas sempre tenderán a ir do máis ordinario ao máis extraordinario, das situacións máis normalizadoras ás menos normalizadoras.

As medidas de atención á diversidade adoptadas aparecen reflectidas no Plan de Atención á Diversidade.

Programaranse actividades de reforzo e ampliación para alumnos/as que o precisen.

Contaremos sempre co apoio do equipo de Orientación seguindo as súas pautas e orientacións sobre as medidas a tomar nos diferentes casos.

9. RECURSOS DIDÁCTICOS

Equipamento:

- Materias primas: xiz, papeis, pinturas.
- Utensilios para medir, cortar, unir, mesturar.
- Fontes de información: carteis, libros.
- Recipientes para almacenamento.
- Instalacións para exposicións.
- Aula específica de Inglés con decoración con materiais dos proxectos feitos polo alumnado.
- Recursos audiovisuais: radiocasete con cd, cds de cancións, vídeo, ordenador portátil, televisor.

Material didáctico:

- Materiais para o desenvolvemento do currículo:
 - Play with Patch-Macmillan.
 - Patch 1- Macmillan.
 - Patch 2-Macmillan.
- Materiais que faciliten as actividades de ensinanza-aprendizaxe. Dentro deste grupo cabe destacar: materiais impresos, materiais audiovisuais e outros materiais informáticos (Aprende Inglés con Pipo).

10. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Para avaliar a adecuación da programación á consecución dos obxectivos educativos propostos valoraranse:

- Os resultados das avaliacións e a porcentaxe de alumnado que supera os contidos da materia.
- Nivel de competencia acadado vocabulario adquirido, destreza no uso de programas informáticos, uso da biblioteca.